



# Curso de introdución a Arduino



2 - 28 XUÑO



18:00 – 20:00 H



CENTRO GAIÁSTECH E STREAMING

## Cal é o programa do curso?

- › Electrónica básica
- › Software de Arduino
- › Primeiros pasos coa programación
- › Sensórica dixital e analóxica
- › Programación estruturada
- › Seguimento e control por porto serie
- › Funcións
- › Librerías

## Quen imparte?

### Train On Tech

Plataforma de Formación en liña orientada a profesionais da Industria e a Enxeñaría.

### Rubén Beiroa

Graduado en enxeñaría electrónica industrial e automática pola Universidade de Vigo, conta con mais de 5 anos de experiencia tanto en formación sobre a plataforma de Arduino como o desenvolvemento de proxectos. Ditos proxectos foron desenvolvidos en aplicacións para automoción, alimentación, UAV, agricultura, domótica e industria entre outros.

Na súa labor docente conta con experiencia en formación para profesionais da industria e docentes TIC, conta tamén con dúas publicacións sobre a materia

## Inscrición e participación

- › A inscrición ao curso é de balde por orde de inscrición.
- › Primeiras 10 prazas: Participante activo con titorización do profesor.
- › Ata completar 30 prazas: Participante oínte, sen titorización.
- › As persoas inscritas nas 10 primeiras posicións poden modificar a súa participación en favor dunha das persoas da lista de oíntes.
- › A asistencia será controlada ao inicio e ao remate da sesión. Esíxese asistir a todas as sesións, só se permite unha falta de asistencia.
- › Os participantes activos que non asistan a unha sesión pasarán a ser oíntes, na segunda falta, serán excluídos.
- › Os participantes oíntes que non asistan a unha sesión serán excluídos.
- › Os participantes excluídos poderán ser penalizados en posteriores formacións do GaiásTech, por este motivo aconséllase formalizar a inscrición se hai seguridade de asistencia a todas as sesións.
- › **Imprescindible dispoñer dun ordenador particular**

## Cando e onde?

7, 8, 13, 14, 20, 22, 27 e 29 de xuño de 2022

De 18:00 a 20:00 H

16 horas totais (8 sesións de 2 horas)

- › **Centro GaiásTech e/ou Streaming**

## Para quen?

- › Profesionais da industria
- › Técnicos/as de mantemento
- › Emprendedores/as
- › Profesores/as de ensinanzas ou materias técnicas/tecnolóxicas

## Por que?

Na actualidade atopámonos nunha transformación dixital das nosas cidades, industrias e fogares, esta transformación dixital conlevará a integración de diversas tecnoloxías: Cloud Computing , Intelixencia Artificial, Big Data ou Realidade Aumentada entre outras. Para iso é preciso conectar todos aqueles elementos do noso entorno que nos permita obter un maior rendemento e unha redución dos custos.

Neste proceso a **plataforma Arduino pode xogar un papel importante** abaratando custos, gracias a evolución do seu hardware (existen modelos para instalacións industriais), a gran cantidade de información e o abano de solucións que ofrece. Para desenvolver proxectos empregando un Arduino é preciso dominar **3 aspectos da plataforma: hardware e software de Arduino (plataforma), programación e electrónica.**

Mediante sesións prácticas os/as asistentes desenvolverán aquelas **habilidades imprescindibles e os coñecementos indispensables e comúns para calquer tipo de proxecto:** IoT, domótica, automatización...etc.

**Inscríbete!**

